



## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A UNIÓN COMARCAL DA UNIÓN XERAL DE TRABALLADORES (UXT) DE VIGO. NO MARCO DO FOMENTO DO EMPREGO PARA DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA ACTIVIGO (EXPTE. 17250/77)

Na Casa do Concello de Vigo, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de dous mil vinte

### REUNIDOS

Dunha parte, don Abel Ramón Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde Presidente do Ilmo Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, co CIF P-3605700-H, con enderezo na Praza do Rei núm. 1 de Vigo.

Doutra parte, D. José Luis Fernández Celis, con DNI 34939808W, en calidade de Secretario de Organización e Administración da Comisión Executiva da UGT de Galicia, con CIF: G-15383011 e domicilio social na Rúa E. Heraclio Botana, 2 / Avda. García Barbón, 67, de Vigo, segundo documentación incorporada ao expte. 17250/77, persoa responsable da sinatura do presente convenio segundo poder notarial presentado o 16/03/2020.

E, actuando dona María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actúan ambas partes no exercicio dos seus cargos e na representación que ostentan recoñecéndose reciprocamente a capacidade suficiente para asinar este convenio.

### MANIFESTAN

**PRIMEIRO:** Unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar dos seus cidadáns, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción da cidadanía co mercado laboral.

A Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias *a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos* (apartado terceiro a) nin a *continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores* (apartado terceiro b); como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando en exercicios anteriores desde o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e *moi especialmente nos anos 2016 e 2017, mediante a sinatura de convenios coa “UNIÓN COMARCAL DA UNIÓN XERAL DE TRABALLADORES (UXT) DE VIGO”, para a o desenvolvemento do “Proxecto Activigo”*

Neste marco normativo, cómpre subliñar que o fomento do emprego constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal (acordo da Xunta de Goberno Local do 09/03/2012) en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables,



especialmente necesario nas circunstancias actuais, atendendo ás graves repercusións económicas e sociais provocadas pola situación de crise sanitaria xerada polo COVID-19.

Dentro do fomento do emprego, na cidade de Vigo, cómpre ter en conta os novos nichos de emprego, así como, a formación e experiencia das organizacións sindicais, que contribúen á defensa e promoción dos intereses sociais mediante o apoio á mocidade e ás persoas desempregadas de longa duración, incrementando o acceso ás ofertas de novos empregos, así como, acompañando na busca dunha mellor situación ou posición no mercado laboral das persoas destinatarias dos programas, todo o cal ven a favorecer a consecución dun dos obxectivos que persegue a política municipal do Concello de Vigo, cal é, o da inserción social e laboral da cidadanía.

A estratexia polo emprego que supón esta iniciativa non é un elemento illado, senón toma en consideración un conxunto de accións de colaboración co entramado laboral, educativo, veciñal e social nos que o desenvolvemento de convenios de colaboración configúrase como a súa máxima concreción, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción da cidadanía co mercado laboral, así como a potenciación do emprego das persoas máis vulnerables cara a recuperar a ilusión pola incorporación ou reincorporación ao mercado laboral, e para iso cómpre poñer á súa disposición tanta información e orientación sexa posible, e moi especialmente da xente moza e das persoas desempregadas de longa duración e que se concretan na realización dunha serie de actividades informativas e participativas, fomentando mediante o coñecemento e, a súa implicación a creación de emprego, procurando que os custes do convenio de colaboración sexan inferiores aos que asumiría o Concello de asumir estas funcións propias a Unión Comarcal de UGT de Vigo.

O Concello de Vigo ten dentro das súas propostas para estes anos de crise, acadar mediante a contratación directa ou indirecta e a formación de persoas desempregadas o maior número de postos de traballo reducindo a porcentaxe de persoas desempregadas na nosa cidade, unha das formas para acadar este obxectivo entre outras é a colaboración coa Unión Comarcal de UGT de Vigo.

A colaboración coa Unión Comarcal de UGT de Vigo, dentro do marco do fomento do emprego, permitirá que por medio da instrumentación de novos contratos laborais se fose necesario e do persoal do propio sindicato, con un gran coñecemento do entorno laboral e experiencia no apoio ás persoas mozas e as persoas desempregadas de longa duración, permitirá desenvolver políticas de busca de emprego, de tal xeito que lles permita a súa incorporación ao mundo laboral.

## **MANIFESTAN**

I.- Que a Unión Comarcal de UGT de Vigo, conforme á súa proposta presentada no rexistro xeral do Concello de Vigo o pasado día 16/03/2020 co nº de doc. 200042775 e 6/04/2020, 07/04/2020 e 14/04/2020, respectivamente cos nº de documentos 200047467, doc.200047712, doc.200048984, ten entre outros, os seguintes obxectivos:

- Recopilación de toda a información existente respecto dos programas de Garantía Xuvenil e o Programa de Activación para o emprego.
- Accións participativas e presenciais de información e difusión o Plan de Garantía Xuvenil e o Programa de Activación para o emprego.
- Reunións de traballo con asociacións, organizacións, centros educativos, ... coa finalidade de realizar charlas informativas a demanda.
- Xornadas de difusión directas e abertas.



- Acompañamento e axuda na inscrición aos programas.
- Accións de información e difusión a través das TIC's.
- Elaboración de materiais informativos e divulgativos.

II.- Que o Concello de Vigo recoñécelle á Unión Comarcal de UGT de Vigo, a condición de participante a contribuír na defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, como síntoma da boa saúde dun estado social e democrático de dereito no que a mellora da empregabilidade contribuiría favorablemente no eido laboral da cidade.

Dentro das políticas activas de emprego en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar con todos os entes, organismos, administracións, axentes sociais, etc, máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de laboral-formativo e experiencia que permitan lograr que as persoas traballadoras sexan actores clave na mellora da situación de crise actual fomentando a contratación dos colectivos máis desfavorecidos, así como de persoal cualificado cara á mellora da súa empregabilidade redundando no beneficio da cidade en xeral, e das persoas desempregadas en particular.

III.- Que na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, social, económico e humanitario; tendo en conta a situación socio-laboral actual na cidade de Vigo.

Estas circunstancias así como a presenza que ten a Unión Comarcal de UGT de Vigo entre as persoas desempregadas de todos os sectores e idades, e a falta de persoal especializada na elaboración deste tipo de traballos de difusión, e a existencia dunha partida nominativa nos orzamentos do Concello de 2020, para o desenvolvemento dun convenio coa UGT para o fomento do emprego, xustifican a súa concesión directa.

IV.- Toda vez que de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente, os intervinetes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita axuda, co obxecto de desenvolver un proxecto de axudar ás persoas máis vulnerables a recuperar a ilusión pola incorporación ou reincorporación ao mercado laboral, ao por a disposición deles canta información e orientación sexa posible, mediante o desenvolvemento dunha campaña a nivel municipal, dividida en diversas liñas de actuación, encamiñadas a mellorar as expectativas de emprego da xente moza e das persoas desempregadas de longa duración.

V.- Que a Unión Comarcal de UGT de Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese público e social que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Unión Comarcal de UGT de Vigo, o Concello de Vigo e a dita organización sindical conveñen a súa colaboración no ámbito de Vigo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

## **PACTOS**

**Primeiro.-** A Unión Comarcal de UGT de Vigo comprométese a colaborar coa Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo en canto desenvolver un proxecto



de axudar ás persoas máis vulnerables a recuperar a ilusión pola incorporación ou reincorporación ao mercado laboral, ao por a disposición deles canta información e orientación sexa posible, mediante o desenvolvemento dunha campaña a nivel municipal, dividida en diversas liñas de actuación, encamiñadas a mellorar as expectativas de emprego da xente moza e das persoas desempregadas de longa duración.

Asumir a programación, organización e xestión, sempre co acordo do servizo xestor e da concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, das seguintes actividades:

1. Recompilación de toda a información existente respecto dos programas de Garantía Xuvenil e o Programa de Activación para o emprego
2. Accións participativas e presenciais de información e difusión o Plan de Garantía Xuvenil e o Programa de Activación para o emprego, mediante:
  - Reunións de traballo.
  - Xornadas.
  - Charlas informativas
3. Accións de información e difusión a través das TIC's.
4. Elaboración de materiais informativos e divulgativos.
5. Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, o lugar, datas e horas de inicio das accións a desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicar calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarse cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.
6. No emprazamento das accións e na páxina inicial da web da entidade deberá constar en lugar visible cartel informativo en modelo normalizado que será subministrado polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
7. Calquera edición, roupa de traballo e/ou material gráfico relacionado coas accións deste convenio realizaranse no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo-Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá- como **patrocinador** das accións, sendo esta cuestión extensible ás carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.
8. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
9. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
10. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
11. En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.
2. Respetar a estrutura organizativa da Unión Comarcal de UGT de Vigo.
3. Conceder directamente á Unión Comarcal de UGT de Vigo unha subvención por importe de 37.000,00 €, dos que 36.000,00 € corresponden aos custes salariais e de seguridade social do persoal de nova contratación e da propia entidade e 1.000,00 € para outros gastos, necesarios para o desenvolvemento do proxecto, como contrapartida do estipulado no presente convenio, con cargo á partida 2410 4800001 "Convenio UGT Fomento do



emprego”, dos orzamentos xerais do Concello de Vigo, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de contratación de persoal, xestión e organización das actividades previstas.

**Terceiro.-** Esta axuda será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade obxecto do convenio. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas no artigo anteriormente referendado e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa entidade.

**Quinto.-** Se o custe total da actividade resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade conveniada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Sexto.-** A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada obxecto do convenio.

**Sétimo.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade. A devandita difusión cumprirá os seguintes requisitos:

- ✓ A información, especialmente carteis e programas editados, estará integramente na lingua galega.
- ✓ En toda información gráfica editada figurarán os logotipos e anagramas oficiais do Concello de Vigo, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das



actividades interveñen outras entidades distintas das asinantes do Convenio, a prelación en orde de tamaño será proporcional a cadansúa achega económica.

✓ A entidade beneficiaria someterá a conformidade do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo as probas dos recursos publicitarios que se vaian empregar. O material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal. De todo o material editado, entregaranse 2 exemplares no servizo de Desenvolvemento Local e Emprego da Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá

**Oitavo.-** A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

**Noveno.-** Comisión de seguimento.

Para o bo fin dos obxectivos sinalados no presente convenio constituirase unha Comisión de seguimento integrada por:

- O concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, que ostentará a Presidencia que poderá delegar a súa representación noutro/a concelleiro/a ou xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
- Tres vocais:
  1. Un/unha técnico/a adscrito ao servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
  2. Dous membros da Unión Comarcal de UGT de Vigo.

Actuará como Secretario/a da Comisión un/unha funcionario/a ou laboral do Concello de Vigo, con voz pero sen dereito a voto.

A Comisión quedará constituída trala súa primeira reunión, estas realizaranse de forma ordinaria todos os trimestres na data en que se indique na sesión constitutiva, en todo caso para a súa válida constitución será necesaria a presenza da maioría absoluta dos seus membros que incluírá a do Presidente e Secretario.

O Presidente decidirá co seu voto os empates que se produzan respecto dos acordos que nas funcións que son propias da Comisión se adopten.

Son funcións propias da Comisión, as seguintes:

- ✓ Supervisar o cumprimento do proxecto de accións e actividades que figuran na Memoria e o presuposto executado.
- ✓ Establecer unha orde de prioridades respecto das actividades a realizar.
- ✓ Supervisar o cumprimento do normativa legal vixente en relación coas contratacións realizadas.

**Décimo.-** O pagamento da subvención realizarase logo de que a beneficiaria xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola *Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo* mediante a presentación dunha memoria final, coa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación finalizará o **15 de outubro de 2020**.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a beneficiaria está obrigada a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas.





A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas electrónicamente

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a subsanación.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tal efecto deberá achegar a conta xustificativa da subvención outorgada que conterá a seguinte documentación e información:

Unha memoria final do programa de actividades obxecto deste convenio, onde figurarán como mínimo os datos de participación, a memoria de prensa, un rexistro fotográfico ou audiovisual. Indicaranse as actividades realizadas e os resultados obtidos, e nos que figurará a ser posible, a seguinte documentación: denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado; datas e lugar de celebración; colectivo afectado, nº de beneficiarios e programación desenvolvida; nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes; actuacións realizadas; exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.

A memoria económica da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos á que se xuntarán as **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas electrónicamente** e/ou os demais documentos de valor probatorio equivalente.

Reflectiranse nunha táboa todos os gastos acreditados mediante facturas electrónicas e/ou copias asinadas electronicamente, indicando o **nome de empresa**, o número de **CIF**, a **data**, o **número de factura** e o **IVE**. Computarase o gasto acreditado **deducindo o IVE**, salvo que se xustifique a exención do dito imposto (achegarse, a tal efecto, unha declaración responsable da entidade de non dedución do IVE ou o acordo de exención do IVE) e deberá indicarse o **importe que se imputa** á subvención (total/parcial).

Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seo artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este



requerirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

**Décimo primeiro.-** Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

**Décimo segundo.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de setembro de 2020.

**Décimo terceiro.-** A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da axuda será comprobada polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá. O xefe/a do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade obxecto da subvención.

**Décimo cuarto.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo quinto.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG, nos casos:

1. Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade ou do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamenta a concesión da axuda.
2. Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente.
3. Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas no apartado sétimo do convenio.
4. Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistras ou de conservación de documentos cando diso se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades obxecto do convenio, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
5. Incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da axuda, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se conseguen os obxectivos, se realiza a actividade, se executa o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da axuda.
6. Incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión





da axuda, distintos dos anteriores, cando diso se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades obxecto do convenio, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Cando o incumprimento da actividade obxecto do convenio se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da convenio, procederá o reintegro da axuda na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da axuda sobre o custo da actividade obxecto do convenio.

**Décimo sexto.-** En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento, para a súa apreciación e imposición estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

**Décimo sétimo.-** A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).



Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org)

**Décimo oitavo.-** A colaboración do Concello de Vigo concrétase na concesión dunha subvención formalizada mediante o presente convenio, colaboración que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente pola Unión Comarcal de UGT de Vigo no desenvolvemento das actividades indicadas no pacto primeiro.

**Décimo noveno.-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

**Vixésimo.-** O período de vixencia do convenio remata o 31 de decembro de 2020.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, na data da sinatura dixital.

Concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá	O Secretario de Organización e Administración da "UNIÓN GENERAL DE TRABAJADORES DE GALICIA"
Abel Fermín Losada Álvarez	Don José Luis Fernández Celis

Dou fe:

A secretaria do Goberno Local

María Concepción Campos Acuña